

# PLAN DIXITAL

# CPR ANDAINA

[Versión 2.0_ setembro 2022]

# Índice do Plan Dixital


1. **Introdución**
    - 2/2/ Datos básicos do centro
    - 2/3/ Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
    - 2/4/ Breve xustificación do mesmo
    - 2/5/ Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
    - 3/2/ Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
    - 3/3/ Fontes empregadas para a análise DAFO
    - 3/4/ Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
    - 4/2/ Obxectivos, indicadores e accións
    - 4/3/ Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
    - 5/2/ Seguimento do Plan de Acción
    - 5/3/ Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

# 1. Introdución

## 1.1. Datos básicos do centro

| | |
|---|---|
| Nome do centro | CPR PLURILINGÜE ANDAINA<br>Páxina web: http://www.andaina.gal/ |
| Ensinanzas que imparte | INFANTIL (3-6), PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA |
| Localización | Rúa Aguaceiros, 21<br>RUTIS-CULLEREDO, A CORUÑA<br><br>https://www.google.es/maps/search/ANDAINA/@43.3385898,-8.4189178,14z/data=!3m1!4b1 |

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPR Plurilingüe Andaina é un centro concertado de educación infantil, primaria e secundaria situado na zona da Zapateira dentro do concello de Culleredo, nunha contorna na cal conviven espazos naturais xunto con casas, urbanizacións colectivas e outros espazos e servizos tanto de carácter privado como público. Localízase polo tanto na área metropolitana da cidade da Coruña e linda directamente con dito concello. Podemos dicir polo tanto que a meirande parte dos nosos usuarios proveñen dun contexto urbano ou semiurbano.

Somos un Colexio xestionado por unha cooperativa de ensino, cunha longa traxectoria no eido pedagóxico. No curso 2000-2001 iniciamos o funcionamento do actual centro propoñéndonos repensar o ensino para deseñar un proposta educativa, actual, de calidade, acorde co momento social e cultural no que vivimos. Aprendendo da nosa traxectoria pedagóxica e doutras experiencias innovadoras que teñen o mesmo obxectivo: renovar a escola.

Das enquisas sociolingüísticas que se lle pasan a todo o alumnado novo no centro no período de matrícula podemos extraer que seguimos a contar cunha grande maioría de familias e alumnado de orixe galega, cun nivel sociocultural e económico das familias do centro medio ou medio-alto. A meirande parte das familias acode ao centro polo seu proxecto educativo e a metodoloxía, priorizando estes factores sobre criterios como a proximidade ao domicilio, as instalacións ou os servizos que ofrece.

As tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento aparecen recollidas dentro do ideario de Proxecto Educativo como unha das liñas básicas que nos definen. Nese documento aparece recollido o modelo de integración da tecnoloxía en Andaina que parte da seguinte idea: *"Os alumnos non aprenden tecnoloxía, aprenden coa tecnoloxía, é dicir, utilízana para construír, representar e transferir os seus coñecementos durante a aprendizaxe" (Segovia, 2000: 108).*

A tecnoloxía forma parte da vida persoal e profesional das persoas. Polo tanto non podemos permanecer alleas a esta realidade e son utilizadas como un recurso máis no proceso de ensino-aprendizaxe que se desenvolve en Andaina. Este compromiso coa realidade tecnolóxica concrétase nun proxecto global de Centro de integración das TAC na aula que abarca desde os 3 aos 16 anos. Vivimos nun contexto social onde as tecnoloxías son un elemento cada día máis presente, visible e necesario nos diferentes ámbitos da vida (persoal, laboral, institucional, produtivo, lecer...). A escola debe formar cidadáns capacitados para integrarse nesa orde social e moverse nela cunha visión reflexiva e crítica, fuxindo de posturas extremas tecnofóbicas ou tecnofílicas.

A maneira máis natural de facelo é mediante a presenza dos medios tecnolóxicos como ferramenta de aprendizaxe, información e comunicación nos diferentes niveis e áreas do ensino, é dicir, configurando un proxecto de integración dos medios a nivel de Centro.

As TAC son un mediador fundamental nos ámbitos de aprendizaxe máis significativos das diferentes idades:

- A lectoescritura na Educación Infantil: dentro dun proceso lectoescritor que parte de métodos globais e da significatividade dos procesos, o emprego da tecnoloxía vai permitir xerar textos reais, con sentido comunicativo auténtico (ex: correo electrónico), á vez que permite que o neno/a tome conciencia desde moi cedo de que o código escrito consta dun número limitado de signos cunhas formas fixas e predeterminadas, facilitando o uso dos signos de acordo a estas normas.

- A aprendizaxe por proxectos na Educación primaria: A aposta por un currículo globalizado leva a elixir o traballo por proxectos como referentes fundamentais no proceso de Ensino-Aprendizaxe; é nestes proxectos de investigación onde o TIC cobran o seu máximo significado. Na metodoloxía por proxectos os coñecementos non se ordenan de forma ríxida ou disciplinar senón en torno os diferentes contidos, problemas ou hipóteses nos que os contidos e enfoques relaciónanse de maneira global facilitando no alumnado a construción de coñecementos. En todo o proceso de procura e tratamento da información as TIC xogan un importante papel: constitúen unha fonte documental de primeira orde (artigos en liña, páxinas especializadas, foros de debate, posibilidades de comunicación directa con especialistas, enciclopedias e obras de consulta dixitais...) e son tamén unha maneira de representación da información (en moitos casos o software pode integrar os procesos mentais de representación da información, axudando a obter unha planificación máis reflexiva á hora de expor os resultados da investigación).
- A aprendizaxe cooperativa na Educación Secundaria Obrigatoria: no tramo 12-16 traballamos con preadolescentes e adolescentes para os que, na actual orde social, a aprendizaxe para a convivencia convértese nun obxectivo fundamental de todo proxecto educativo. As metodoloxías de aprendizaxe cooperativa revélanse como un medio fundamental para traballar a convivencia e o respecto nas aulas. Nas dinámicas de aprendizaxe cooperativa os alumnos/as desenvolven procesos de investigación e traballo compartidos cos seus compañeiros/as. Nestes grupos atópanse adolescentes heteroxéneos e diversos que comparten responsabilidades, desenvolven discusións e debates, contrastan diferentes fontes e experimentan fórmulas de democracia participativa para a toma de decisións. En todos estes procesos de novo as TIC emerxen como un elemento clave, pasando de ser un medio tradicionalmente individual a ser un medio de construción e expresión de significados compartidos. Un bo exemplo disto é o blogue que os alumnos e alumnas de ESO constrúen para comunicar á comunidade o desenvolvemento dun proxecto colectivo a nivel de Centro: o proxecto SOMOS.

Na PXA do vindeiro curso 2022-2023, quedarán recollidos os obxectivos anuais deste Plan dixital de Centro que serán avaliados na Memoria Educativa.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa de referencia a ter en conta á hora de elaborar o Plan Dixital é a seguinte: dende a que se xustifica o Plan Dixital:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

### 1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital creouse unha comisión formada polos coordinadores Tics do centro e a Dirección Pedagóxica. O sistema de traballo consistiu en combinar xuntanzas presenciais de reflexión e toma de decisións conxunta xunto con traballo colaborativo para a elaboración dos diferentes documentos a través dun cartafol compartido en Drive.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A nivel organizativo podemos falar de un modelo mixto de distribución espacial de recursos: aula de informática específica e computadores con conexión a internet por WIFI en todos os espazos do centro. A elección deste modelo de organización de recursos non responde en primeira instancia a razóns de tipo material ou organizativo, senón que está fundamentado no modelo pedagóxico de integración curricular dos medios. A presenza de equipos informáticos con conexión a internet en todas as aulas permite levar a cabo un traballo plenamente integrado dentro das dinámicas de ensino-aprendizaxe. Esta disposición permite o acceso dos alumnos e alumnas aos recursos en calquera momento, do mesmo xeito que acontecería calquera outro espazo ou recurso da aula.

Ao mesmo tempo, a aula de informática vai permitir traballar a un número elevado de alumnado simultaneamente mentres que o computador na aula obriga a un sistema de rotación máis lento. Este espazo permite tamén compartir e aproveitar aqueles recursos especializados dos que polo seu carácter, prezo, especificidade de procesos... non podemos dispor en todas as aulas (escáner, encerado dixital, impresoras 3D, etc.).

Da conxugación dos dous modelos nace unha distribución eficaz e flexible dos recursos, que responde ás distintas necesidades e esixencias dos procesos formativos respecto aos medios.

| **Servizos dixitais** |
|---|
| Plataforma de xestión integral Clickedu |
| Google Workspace para educación |
| Plataforma XADE de edu.xunta + Abalar Móbil |
| Correo corporativo andaina.gal (IONOS) + Páxina web dominio propio. |

| **Equipamento tecnolóxico** | **Nº Unidades** |
|---|---|
| Servidor de centro | 1 |
| Portatiles alumnos/as | 100 |
| Carros carga portatiles | 5 |
| Pantalla dixital-tactil | 8 |
| Proxectores | 28 |
| Barras de son | 28 |
| Tablets | 51 |
| Carro tablets | 2 |

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Resultados Selfie**

| RELACIÓN ENTRE PREGUNTAS SELFIE E CATEGORÍAS DAFO | | | | | PRIMARIA Puntuación | | | | SECUNDARIA Puntuación | | | | DIFERENZA Puntuación | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ASPECTOS INTERNOS | | ACLARACIÓNS | PREGUNTAS SELFIE: Código | Nome da pregunta | ED | PR | AL | **TOTAL** | ED | PR | AL | **TOTAL** | ED | PR | AL | **TOTAL** |
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS | Inclúe, entre outros: Equipamentos Instalacións Conectividade | C1 | Infraestructura | 3,8 | 3,6 | | **3,7** | 3,4 | 4,0 | | **3,7** | 0,4 | 0,4 | 0,0 | **0,00** |
| | | | C2 | Dispositivos dixitais para o ensino | 4,3 | 4,3 | | **4,3** | 4,2 | 3,7 | | **4,0** | 0,1 | 0,6 | 0,0 | **0,35** |
| | | | C3 | Acceso a internet | 4,0 | 4,9 | 3,6 | **4,1** | 4,6 | 4,9 | 3,1 | **4,2** | 0,6 | 0,0 | 0,5 | **0,11** |
| | | | C5 | Asistencia técnica | 4,5 | 4,7 | 3,7 | **4,3** | 4,2 | 4,6 | 3,4 | **4,1** | 0,3 | 0,1 | 0,3 | **0,23** |
| | | | C7 | Protección de datos | 3,8 | 4,4 | | **4,1** | 3,4 | 4,1 | | **3,8** | 0,4 | 0,3 | 0,0 | **0,35** |
| | | | C8 | Dispositivos dixitais para o aprendizaxe | 4,0 | 3,3 | 3,6 | **3,6** | 3,2 | 3,4 | 3,9 | **3,5** | 0,8 | 0,1 | 0,3 | **0,09** |
| | | | C10 OP | Dispositivos dixitais para o aprendizaxe | 2,8 | 2,1 | | **2,4** | 1,4 | 1,5 | 1,1 | **1,4** | 1,4 | 0,6 | 1,1 | **1,05** |

| | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | C14 OP | Espazos físicos | 3,5 | 3,7 | | **3,6** | 2,8 | 3,3 | | **3,1** | 0,7 | 0,4 | 0,0 | **0,55** |
| | | C15 OP | Tecnoloxías asistenciais | 2,8 | 2,8 | | **2,8** | 2,8 | 3,6 | | **3,2** | 0,0 | 0,8 | 0,0 | **0,40** |
| | | C16 OP | Bibliotecas/repositorios en liña | 1,8 | 2,2 | | **2,0** | 2,2 | 3,4 | 2,7 | **2,8** | 0,4 | 1,2 | 2,7 | **0,76** |
| | PERSOAL DOCENTE | A3 | Novas modalidades de ensino | 3,5 | 3,6 | | **3,6** | 3,0 | 4,0 | | **3,5** | 0,5 | 0,4 | 0,0 | **0,10** |
| | | A4 OP | Tempo para explorar o ensino dixital | 2,5 | 2,7 | | **2,6** | 2,2 | 2,9 | | **2,6** | 0,3 | 0,2 | 0,0 | **0,05** |
| | | B1 | Avaliación do progreso | 3,0 | 3,2 | | **3,1** | 2,2 | 2,6 | | **2,4** | 0,8 | 0,6 | 0,0 | **0,70** |
| | | B2 | Debate sobre o uso da tecnoloxía | 3,3 | 3,6 | 2,8 | **3,2** | 2,4 | 3,4 | 2,1 | **2,7** | 0,9 | 0,2 | 0,7 | **0,55** |
| | | B3 | Colaboracións | 2,8 | 3,3 | | **3,0** | 2,4 | 2,8 | | **2,6** | 0,4 | 0,5 | 0,0 | **0,40** |
| | | D1 | Necesidades de DPC | 3,3 | 3,1 | | **3,2** | 2,8 | 2,7 | | **2,8** | 0,5 | 0,4 | 0,0 | **0,45** |
| | | D2 | Participación no DPC | 3,5 | 3,1 | | **3,3** | 3,4 | 3,5 | | **3,5** | 0,1 | 0,4 | 0,0 | **0,15** |
| | | D3 | Intercambio de experiencias | 3,3 | 3,5 | | **3,4** | 3,0 | 3,5 | | **3,3** | 0,3 | 0,0 | 0,0 | **0,15** |

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E1 | Recursos edu-cativos en liña | 4,0 | 4,6 | | **4,3** | 4,0 | 4,4 | | **4,2** | 0,0 | 0,2 | 0,0 | **0,10** |
| E2 | Creación de recursos dixi-tais | 3,3 | 3,5 | | **3,4** | 3,4 | 4,3 | | **3,9** | 0,1 | 0,8 | 0,0 | **0,45** |
| E3 | Empleo de en- tornos virtuais de aprendi- zaxe | 3,3 | 2,8 | | **3,0** | 3,4 | 3,6 | 3,7 | **3,6** | 0,1 | 0,8 | 3,7 | **0,57** |
| E4 | Comunicación con la comuni-dade educa-tiva | 4,8 | 4,6 | | **4,7** | 5,0 | 4,6 | | **4,8** | 0,2 | 0,0 | 0,0 | **0,10** |
| E5 OP | Recursos edu-cativos aber-tos | 3,5 | 3,3 | | **3,4** | 3,2 | 4,2 | | **3,7** | 0,3 | 0,9 | 0,0 | **0,30** |
| F1 | Adaptación ás necesidades do alumnado | 3,0 | 3,1 | 3,1 | **3,1** | 2,6 | 3,3 | 3,0 | **3,0** | 0,4 | 0,2 | 0,1 | **0,12** |
| F3 | Fomento da creatividade | 3,5 | 2,6 | | **3,1** | 3,2 | 3,8 | 3,2 | **3,4** | 0,3 | 1,2 | 3,2 | **0,30** |
| F4 | Inclusión do alumnado | 3,8 | 3,2 | 2,9 | **3,3** | 3,4 | 4,0 | 2,9 | **3,4** | 0,4 | 0,8 | 0,0 | **0,14** |
| F5 | Colaboración do alumnado | 2,5 | 2,8 | 2,9 | **2,8** | 3,0 | 2,9 | 3,6 | **3,2** | 0,5 | 0,1 | 0,7 | **0,37** |
| F6 | Proxectos in-terdiscipli-nares | 2,3 | 2,4 | | **2,3** | 3,0 | 3,1 | 3,1 | **3,1** | 0,7 | 0,7 | 3,1 | **0,77** |
| G1 | Avaliación das capacidades | 3,0 | 3,2 | | **3,1** | 3,0 | 3,5 | | **3,3** | 0,0 | 0,3 | 0,0 | **0,15** |

| | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | G3 | tación axei- tada | 2,3 | 2,6 | | **2,4** | 3,2 | 3,2 | 2,6 | **3,0** | 0, 9 | 0,6 | 2,6 | **0,59** |
| | | G5 | sobre o apren- dizaxe | 2,0 | 2,1 | | **2,0** | 2,6 | 3,1 | 2,1 | **2,6** | 0, 6 | 1,0 | 2,1 | **0,60** |
| | | G7 | Comentarios a outros alum- nos sobre o seu trabajo | 2,5 | 2,9 | | **2,7** | 2,8 | 3,5 | | **3,2** | 0, 3 | 0,6 | 0,0 | **0,45** |
| | | G9 OP | ción do apren- dizaxe | 3,5 | 2,9 | | **3,2** | 4,0 | 4,4 | | **4,2** | 0, 5 | 1,5 | 0,0 | **1,00** |
| | | G10 OP | Empleo de da- tos para me- llorar o apren- dizaxe | 2,3 | 2,7 | | **2,5** | 3,4 | 2,7 | 2,2 | **2,8** | 1, 1 | 0,0 | 2,2 | **0,27** |
| | | G11 OP | Avaliación das capacidades desenvolvidas fora do centro | | | | | | | | | | | | |
| | P. NON DO- CENTE | * Considerando persoal asistencial e auxiliar edu- cativo, Podería ter relación coas preguntas D3, E1, E2, F4, F5 | | | | | | | | | | | | | |
| | ALUM- NADO | C8 | dixitais para o aprendizaxe | 4,0 | 3,3 | 3,6 | **3,6** | 3,2 | 3,4 | 3,9 | **3,5** | 0, 8 | 0,1 | 0,3 | **0,09** |

| | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | C10 OP | Dispositivos dixitais para o aprendizaxe | 2,8 | 2,1 | **2,4** | 1,4 | 1,5 | 1,1 | **1,4** | 1,4 | 0,6 | 1,1 | **1,05** |
| | | | C13 OP | Traer o propio dispositivo | 2,5 | 1,6 | **2,0** | 2,6 | 1,7 | 1,1 | **1,8** | 0,1 | 0,1 | 1,1 | **0,21** |
| | | | C17 | Base de datos de proveedores de formación | | | | | | | | | | | |
| | | | H (Todas) | COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO | | | | | | | | | | | |
| | FAMILIAS | | | * Podería ter relación coa pregunta C13 OP | | | | | | | | | | | |
| | OFERTA | Inclúe: Oferta edu- vizos (comedor, transporte,..) | A3 | Novas modalidades de ensino | 3,5 | 3,6 | **3,6** | 3,0 | 4,0 | | **3,5** | 0,5 | 0,4 | 0,0 | **0,10** |
| | ORGANIZACENTRO | Inclúe todo cesos organizativos | A1 | Estratexia dixital | 3,0 | 2,9 | **2,9** | 2,6 | 2,9 | | **2,8** | 0,4 | 0,0 | 0,0 | **0,15** |
| | | | A2 | Desenvolvemento da estratexia co profesorado | 3,3 | 3,2 | **3,2** | 2,6 | 3,1 | | **2,9** | 0,7 | 0,1 | 0,0 | **0,35** |

| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A3 | dades de ensino | 3,5 | 3,6 | | 3,6 | 3,0 | 4,0 | | 3,5 | 0,5 | 0,4 | 0,0 | **0,10** |
| A6 | Participación das empresas na estratexia | | | | | | | | | | | | |
| A4 OP | explorar o ensino dixital | 2,5 | 2,7 | | **2,6** | 2,2 | 2,9 | | **2,6** | 0,3 | 0,2 | 0,0 | **0,05** |
| | progreso | 3,0 | 3,2 | | **3,1** | 2,2 | 2,6 | | **2,4** | 0,8 | 0,6 | 0,0 | **0,70** |
| B4 OP | Sinerxias para o ensino e o aprendizaxe a distancia | 2,3 | 1,9 | | **2,1** | 2,0 | 2,0 | | **2,0** | 0,3 | 0,1 | 0,0 | **0,10** |
| | técnica | 4,5 | 4,7 | 3,7 | **4,3** | 4,2 | 4,6 | 3,4 | **4,1** | 0,3 | 0,1 | 0,3 | **0,23** |
| C11 OP | FENDA dixital: medidas para identificar dificultades | 4,0 | 2,7 | | **3,3** | 3,4 | 2,2 | | **2,8** | 0,6 | 0,5 | 0,0 | **0,50** |
| C12 OP | FENDA dixital: Apoio para abordar dificultades | 3,5 | 3,1 | | **3,3** | 2,4 | 3,5 | | **3,0** | 1,1 | 0,4 | 0,0 | **0,35** |
| | dispositivo | 2,5 | 1,6 | | **2,0** | 2,6 | 1,7 | 1,1 | **1,8** | 0,1 | 0,1 | 1,1 | **0,21** |
| C14 OP | Espazos físicos | 3,5 | 3,7 | | **3,6** | 2,8 | 3,3 | | **3,1** | 0,7 | 0,4 | 0,0 | **0,55** |
| | asistenciais | 2,8 | 2,8 | | **2,8** | 2,8 | 3,6 | | **3,2** | 0,0 | 0,8 | 0,0 | **0,40** |

| | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | C16 OP | Bibliotecas/repositorios en liña | 1,8 | 2,2 | **2,0** | 2,2 | 3,4 | 2,7 | **2,8** | 0,4 | 1,2 | 2,7 | **0,76** |
| | | | F8 OP | Orientación profesional | | | | | | | | | | | |
| | | | G8 OP | Avaliación dixital | 2,0 | 2,5 | **2,3** | 2,2 | 2,4 | 3,0 | **2,5** | 0,2 | 0,1 | 3,0 | **0,23** |
| | | | H12 OP | Habilidades dixitais para diferentes materias | | | | | | | | | | | |
| ASPECTOS EXTERNOS | | ACLARACIÓNS | PREGUNTAS SELFIE Código | Nome da pregunta | | | | | | | | | | | |
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | | * Podería ter relación coas preguntas C1, C2, C3, C5, C14 OP e C16 OP | | | | | | | | | | | | |
| | LEXISLACIÓN | | A5 OP | Nornas sobre dereitos de autor e licenzas de uso | 2,8 | 3,7 | **3,2** | 2,6 | 3,1 | | **2,9** | 0,2 | 0,6 | 0,0 | **0,35** |
| | | | C7 | Protección de datos | 3,8 | 4,4 | **4,1** | 3,4 | 4,1 | | **3,8** | 0,4 | 0,3 | 0,0 | **0,35** |
| | ANPA | | * Podería ter relación coas preguntas C16 OP e H11 OP (no contexto de extraescolares) | | | | | | | | | | | | |
| | CONTORNA | Contexto Demo- | * Podería ter relación coas preguntas C11 OP e C12 OP | | | | | | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | gráfico, Socio-cultural,.. | | | | | | | | | | | | |
| | | | A6 | Participación das empresas na estratexia | | | | | | | | | | |
| | OUTRAS ENTIDADES | Inclúe: Universidades, Empresas, Concello, Asociacións, ONGs... | B3 | Colaboracións | 2,8 | 3,3 | **3,0** | 2,4 | 2,8 | **2,6** | 0,4 | 0,5 | 0,0 | **0,40** |
| | | | B4 OP | Sinerxias para o ensino e o aprendizaxe a distancia | 2,3 | 1,9 | **2,1** | 2,0 | 2,0 | **2,0** | 0,3 | 0,1 | 0,0 | **0,10** |
| | | | * Podería ter relación tamén coas preguntas C1, C17, C11 OP e C12 OP | | | | | | | | | | | |

**Resultados CDD**

**2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro**

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|---|
| CENTRO | 104,8 | Experto/a (B2) | 76,5 | Integrador/a (B1) |

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 104,8 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Experto/a (B2).ç

## 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|---|---|---|---|---|
| Inf. | 88 | Integrador/a (B1) | 68,2 | Integrador/a (B1) |
| ESO | 110,3 | Experto/a (B2) | 79,3 | Integrador/a (B1) |
| Pri. | 88 | Integrador/a (B1) | 77 | Integrador/a (B1) |

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 88,0 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

## 2.3. Análise DAFO

| ASPECTOS INTERNOS | NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN | |
|---|---|---|
| | DEBILIDADE | FORTALEZA |
| A1.- Existencia dunha estratexia dixital. | A estratexia non é compartida do mesmo xeito por todo o equipo educativo. | Si, existe un enfoque a nivel de centro recollido no PE. |
| A4.- Tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino. | Insuficiente en todas as etapas. | |
| A5.- Tratamento das licenzas e dereitos de autoría. | | Si, a maior parte do equipo as coñece. |

| ASPECTOS INTERNOS | NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN | |
|---|---|---|
| | DEBILIDADE | FORTALEZA |
| Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro. | | Si, existen canles de comunicación entre etapas e empréganse de forma habitual. |
| D3 Existencia de estratexias de comunicación con outros centros educativos. | Insuficiente comunicación con outros centros po dificultades de tempo e de referentes educativos similares á nosa realidade. | |
| Participación do profesorado en redes colaborativas profesionais. | Insuficiente participación en redes agás individualidades. | |
| Resolución de incidencias técnicas. | | Si, dispoñemos de servizo para incidencias técnicas. |

| ASPECTOS INTERNOS | NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN | |
|---|---|---|
| | DEBILIDADE | FORTALEZA |
| Formación sobre novas modalidades de aprendizaxe do uso da tecnoloxía dixital. | Insuficiente tempo para formacións específicas. | Si existe traballo colaborativo dentro do centro para introducir novas modalidades. |
| Política de protección de datos. | | Suficiente política de protección de datos aínda que mellorable na execución da mesma. |

| | | |
|---|---|---|
| Utilización no centro de equipos dixitais propiedade do alumnado. | Non está contemplado o seu emprego no centro agás emprego de móbil de xeito puntual na etapa de ESO. | |
| Creación de espazos para compartir recursos educativos dixitais. | | Dispoñemos de espazos dixitais colectivos para compartir recursos educativos. |

| ASPECTOS INTERNOS | NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN | |
|---|---|---|
| | DEBILIDADE | FORTALEZA |
| Participación en proxectos interdisciplinares. | | Si, existe cultura no centro para desenvolver proxectos interdisciplinares. |
| Iniciativas para afrontar necesidades de formación profesional continúa do profesorado. | | Si, existen vías para recoller e por en marcha iniciativas para a formación continua do profesorado. |
| Creación de recursos educativos dixitais. | Insuficiente tempo dispoñible para crear recursos.<br>Insuficiente competencia dixital para a creación de recursos nunha parte do equipo docente. | Creación de recursos por parte do profesorado cun nivel de competencia alta que se comparten. |

| ASPECTOS INTERNOS | NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN | |
|---|---|---|
| | DEBILIDADE | FORTALEZA |
| Adopción de innovacións educativas por parte do profesorado. | | Si existe unha cultura de innovación no centro actitudes proactivas cara a súa posta e funcionamento. |

| | | |
|---|---|---|
| Extensión e promoción entre o profesorado de innovacións educativas. | | Si, cultura de traballo en equipo que facilita a promoción de innovación entre o profesorado nos diferentes equipos. |
| Tipoloxía da oferta educativa do centro ( por exemplo familias de FP) | | Ensino obrigatorio (EI + EP + ESO) |
| Incorporación por parte do profesorado de tecnoloxías dixitais para a avaliación. | Escasa retroalimentación co alumnado a través das tecnoloxías. | Si, se incorporan tecnoloxías dixitais para a avaliación e seguimento do alumnado no traballo do equipo docente. |

| ASPECTOS INTERNOS | NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN | |
|---|---|---|
| | DEBILIDADE | FORTALEZA |
| | | Si se emprega ferramentas tecnolóxicas para a comunicación co alumnado e nivel de aprendizaxe e avaliación. |
| Participación do alumnado na autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais. | Escaso emprego de ferramentas dixitais para este tipo de avaliación. | Si hai cultura de autoavaliación e coavaliación pero non sempre mediante emprego de tecnoloxías. |
| Dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía. | | |
| Dinámicas para reflexionar sobre o uso de recursos dixitais (tratamento da imaxe, protección de dereitos, licenzas, software libre, plaxio etc) | | |

| | | |
|---|---|---|
| Utilización de recursos dixitais para observar e documentar os progresos. | Escasa documentación dos procesos de aprendizaxe por parte do alumnado a través da tecnoloxía. | |
| Transformación da práctica docente co uso da ferramentas dixitais. | | Si, a introdución de ferramentas dixitais transforma as practicas docentes. |
| Habilidades dixitais adquiridas polo alumnado en diferentes materias. | | Si, o alumnado adquire habilidades dixitais a través de diferentes materias. |

| ASPECTOS INTERNOS | NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN | |
|---|---|---|
| | DEBILIDADE | FORTALEZA |
| Competencia por parte do alumnado para codificar, programar en relación ás tecnoloxías dixitais. | Escasa aprendizaxe de programación por parte do alumnado agás en materias concretas da ESO. | |
| Competencia por parte do alumnado para a resolución de problemas técnicos dos dispositivos dixitais. | Insuficiente. Recorren ao docente para resolver. | |
| Incorporación nas diferentes materias de conceptos como a verificación da calidade da información, comportamento seguro e responsable do alumnado na Internet etc. | | Si, contemplase a formación do alumnado dende unha perspectiva crítica e responsable no uso da tecnoloxía. |
| Diversidade da competencia dixital. | | |

| ASPECTOS INTERNOS | NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN | |
|---|---|---|
| | DEBILIDADE | FORTALEZA |
| OP 1.- Utilización de plataformas dixitais promovidas pola administración educativa. | Non empregamos plataformas da consellería (centro concertado) | Dispoñemos de Clickedu e Google Workspace para o traballo tecnolóxico. |
| OP2.- Características do software instalado nos equipos. | | Libre. |
| E1, E3, E5. Características das plataformas e aplicativos online utilizados. | | Si se empregan contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado e recursos educativos abertos. |
| E3.- Uso activo e creativo de aulas virtuais. | Desequilibrio no uso entre as etapas e a nivel individual dentro do equipo docente. | Si se emprega contornos virtuais de aprendizaxe. |

| ASPECTOS EXTERNOS | NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN | |
|---|---|---|
| | AMEAZA | OPORTUNIDADE |
| Achegas económicas que recibe o centro. | Custe elevado para o mantemento dos equipamentos informáticos e pouca durabilidade dos mesmos. | Subvencións xestionadas pola ANPA. |
| Existencia de proxectos externos. | Pouca participación en proxectos externos na actualidade. | |
| Condicións socioeconómicas da contorna. | | Nivel en xeral medio ou medio-alto na contorna. Bo nivel sociocultural e tecnolóxico na maioría das familias do centro. |

| ASPECTOS EXTERNOS | NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN | |
|---|---|---|
| | AMEAZA | OPORTUNIDADE |
| Oferta de actividades formativas e as condicións para a participación. | Modelos de formación tradicionais, non adaptados ás necesidades do centro. | Moita oferta formativa en tecnoloxías de pouco custe ou de balde. |
| Estabilidade laboral do persoal docente. | | Moita estabilidade no persoal docente. |
| Estabilidade laboral do persoal non docente. | | Moita estabilidade no persoal docente. |
| Colaboración con institucións alleas ao centro educativo. | Escasa colaboración con institucións de carácter "tecnolóxico". | |
| Relación coa/a ANPA/s. | | Moi boa relación e colaboración coa ANPA no desenvolvemento de proxectos e na xestión de recursos. |

| ASPECTOS EXTERNOS | NOTAS SOBRE A TÚA VALORACIÓN | |
|---|---|---|
| | AMEAZA | OPORTUNIDADE |
| Relación con persoas que non forman parte da comunidade educativa. | | Suficiente relación e posicionamento con entidades e organismos diferentes aos da comunidade educativa. |
| Lexislación educativa. | | Nova lei: potencia o ámbito competencial. |
| Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo. | | |

## 3. Plan de Acción

<table>
<tr><th colspan="7">"Área/s de mellora": LIDERAZGO</th></tr>
<tr><td>OBXECTIVO:</td><td colspan="4">CREACIÓN DO EQUIPO TIC</td><td>Acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>RESPONSABLE:</td><td colspan="4">Dirección Pedagóxica</td><td>Non acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</td><td colspan="6">Nº de membros do equipo, nº de xuntanzas desenvoltas no curso 22-23</td></tr>
<tr><td>Valor de partida</td><td colspan="6">Non existe</td></tr>
<tr><td>Valor previsto e data</td><td colspan="3">Equipo formado polos coordinadores do plan dixital máis unha persoa por cada etapa. 6 persoas.<br>Definir calendario de xuntanzas curso 22-23: tres xuntanzas.</td><td colspan="3">18/11/2022</td></tr>
<tr><th colspan="7">ACCIÓNS A DESENVOLVER</th></tr>
<tr><th rowspan="2">DESCRICIÓN</th><th rowspan="2">RESPONSABLES</th><th rowspan="2">DATA PREVISTA FIN</th><th rowspan="2">RECURSOS NECESARIOS</th><th colspan="3">SEGUIMENTO DA ACCIÓN</th></tr>
<tr><th>VALORACIÓN DA ACCIÓN</th><th colspan="2">ESTADO</th></tr>
<tr><td rowspan="3">AO1.1: Elaborar proposta de membros do equipo por etapas</td><td rowspan="3">Dirección Pedagóxica</td><td rowspan="3">28/10/2022</td><td rowspan="3"></td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO1.2: Elaborar proposta de calendario de xuntanzas</td><td rowspan="3">Coordinador/s TIC</td><td rowspan="3">18/11/2022</td><td rowspan="3"></td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
</table>

<table>
<tr><th colspan="7">“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DOCENTE</th></tr>
<tr><td>OBXECTIVO:</td><td colspan="4">Planificar a formación necesaria no curto e medio prazo.</td><td>Acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>RESPONSABLE:</td><td colspan="4">Dirección Pedagóxica</td><td>Non acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</td><td colspan="6">O propio plan.</td></tr>
<tr><td>Valor de partida</td><td colspan="6">Formacións puntuais realizadas con parte do equipo en cursos anteriores.</td></tr>
<tr><td>Valor previsto e data</td><td colspan="3">Plan de formación con temporalización a 3 anos.<br>Dúas formacións anuais.</td><td colspan="3">28/06/2022</td></tr>
<tr><th colspan="7">ACCIÓNS A DESENVOLVER</th></tr>
<tr><th rowspan="2">DESCRICIÓN</th><th rowspan="2">RESPONSABLES</th><th rowspan="2">DATA PREVISTA FIN</th><th rowspan="2">RECURSOS NECESARIOS</th><th colspan="3">SEGUIMENTO DA ACCIÓN</th></tr>
<tr><th>VALORACIÓN DA ACCIÓN</th><th colspan="2">ESTADO</th></tr>
<tr><td rowspan="3">AO2.1: detección das necesidades formativas máis urxentes<br>• Sinatura dixital<br>• Clickedu<br>• Workspace – ofimática<br>• Ferramentas na nube</td><td rowspan="3">Equipo TIC</td><td rowspan="3">20/01/2023</td><td rowspan="3">Acceso ao CCD da consellería.<br>Formulario de creación propio.</td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO2.2: Elaboración proposta Plan de formación.<br>• Seguridade<br>• Redes sociais<br>• Profesorado, alumando, centro</td><td rowspan="3">Equipo TIC</td><td rowspan="3">10/02/2023</td><td rowspan="3"></td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO2.3: Solicitude do Plan de Formación.</td><td rowspan="3">Coordinador/s TIC</td><td rowspan="3">24/02/2023</td><td rowspan="3"></td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO2.4: Realización da formación correspondente ao curso 2022-2023.<br>• Realización da formación<br>• Reunión de avaliación final da formación</td><td rowspan="3">Equipo TIC</td><td rowspan="3">28/06/2023</td><td rowspan="3">Recursos a valorar ao finalizar a elaboración do plan de formación</td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
</table>

| “Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURAS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO: | Establecer un plan de necesidades de equipamento dixital | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | EQUIPO TIC | | | | Non acadado | |
| **INDICADOR/ES DO OBXECTIVO** | O propio plan. | | | | | |
| **Valor de partida** | Non existe | | | | | |
| **Valor previsto e data** | Plan de equipamento con temporalización a 3 anos | | | 31/03/2023 | | |
| **ACCIÓNS A DESENVOLVER** | | | | | | |
| **DESCRICIÓN** | **RESPONSABLES** | **DATA PREVISTA FIN** | **RECURSOS NECESARIOS** | **SEGUIMENTO DA ACCIÓN** | | |
| | | | | **VALORACIÓN DA ACCIÓN** | **ESTADO** | |
| AO3.1: Elaboración dun inventario de recursos TIC.<br>• Equipos<br>• Software<br>• Recursos online en uso | Equipo TIC | 20/12/2022 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO3.2: Establecer equipamento mínimo necesario por etapa a curto prazo. | Equipo TIC | 10/02/2023 | Dotación económica<br>Colaboración ANPA | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO3.3: AV e espazos a curto, medio e longo prazo. Normas de uso. | Equipo TIC | 31/03/2023 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |

| “Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURAS | | | |
|---|---|---|---|
| OBXECTIVO: | Crear un espazo de recursos compartido a nivel de centro | Acadado | |
| RESPONSABLE: | EQUIPO TIC | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Nª de recursos por etapa | | |
| Valor de partida | Non existe | | |
| Valor previsto e data | 10 recursos compartidos por cada etapa | 31/03/2023 | |

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO4.1: Elaborar un listado de recursos online xenérico de uso sinxelo e cunhas pautas mínimas. | Equipo TIC | 10/02/2023 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.2: Crear un Espazo virtual de publicación de producións e proxectos propios. | Equipo TIC | 31/03/2023 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.3: Elaborar un Protocolo de almacenamento. | Coordinadores TIC | 31/03/2023 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO4.4: Elaborar un plan de mantemento de recursos. | Coordinadores TIC | 31/03/2023 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

## "Área/s de mellora": INFRAESTRUTURAS

| | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVO:** | Establecer un plan de unificación da AULA VIRTUAL (clickedu, workspace, xade, correo electrónico) | **Acadado** | |
| **RESPONSABLE:** | EQUIPO TIC | **Non acadado** | |
| **INDICADOR/ES DO OBXECTIVO** | O propio plan | | |
| **Valor de partida** | Non existe | | |
| **Valor previsto e data** | Existencia dun plan | 28/06/2023 | |

### ACCIÓNS A DESENVOLVER

| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMENTO DA ACCIÓN: VALORACIÓN DA ACCIÓN | SEGUIMENTO DA ACCIÓN: ESTADO |
|---|---|---|---|---|---|
| AO5.1: Valorar mudar o dominio do correo a .gal para poder integralo en Gmail e Workspace | Coordinadores TIC | 20/01/2023 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO5.2: Nomear unha persoa substituta para cada administración virtual. | Dirección Pedagóxica | 18/11/2022 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO5.3: Elaboración dun diagrama de fluxo de consulta para establecer o uso de cada plataforma e as vinculación entre elas. | Coordinadores TIC | 31/03/2023 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |
| AO5.4: Clickedu<br>• Valorar a apertura de novas funcións útiles (sinatura dixital, consulta de datos, comunicación, vinculación con outras plataformas).<br>• Valorar a integración do Workspace con Clickedu e Classroom. | Dirección Pedagóxica/Coordinadores TIC | 28/06/2023 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| AO5.5: WORKSPACE<br>• Incorporar 3ºciclo EP<br>• Optimizar o uso educativo.<br>• Comunicación e colaboración entre docentes.<br>• Uso de contas educativas por parte do alumando nos diferentes recursos dixitais. Unificación.<br>• Centrar o almacenamento dos repositorios (mantendo a indexación en clickedu). | Coordinadores TIC | 28/06/2023 | | | **Realizada**<br>**Aprazada**<br>**Pendente** |
| AO5.6: XADE<br>• Eliminación da duplicidade. Simplificación de procesos duplicados. Relación CK-Xade<br>• Procesos de secretaría (actas, certificados, asistencia…) | Dirección Pedagóxica | 28/06/2023 | | | **Realizada**<br>**Aprazada**<br>**Pendente** |

<table>
<tr><td colspan="7">“Área/s de mellora”:</td></tr>
<tr><td>OBXECTIVO:</td><td colspan="4">Analizar a integración do uso de dispositivos persoais dixitais por parte do alumnado</td><td>Acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>RESPONSABLE:</td><td colspan="4">EQUIPO TIC</td><td>Non acadado</td><td></td></tr>
<tr><td>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</td><td colspan="6">Resultados da análise (informe)</td></tr>
<tr><td>Valor de partida</td><td colspan="6">Os criterios recollidos no actual NOF-RRI</td></tr>
<tr><td>Valor previsto e data</td><td colspan="3">Informe con conclusións</td><td colspan="3">15/09/2023</td></tr>
<tr><td colspan="7">ACCIÓNS A DESENVOLVER</td></tr>
<tr><td rowspan="2">DESCRICIÓN</td><td rowspan="2">RESPONSABLES</td><td rowspan="2">DATA PREVISTA FIN</td><td rowspan="2">RECURSOS NECESARIOS</td><td colspan="3">SEGUIMENTO DA ACCIÓN</td></tr>
<tr><td>VALORACIÓN DA ACCIÓN</td><td colspan="2">ESTADO</td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO3.1: Designar un equipo de traballo que elabore un plan de integración a corto-medio-longo prazo</td><td rowspan="3">Dirección Pedagóxica</td><td rowspan="3">18/11/2022</td><td rowspan="3"></td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO3.2: Traballar co equipo docente da ESO na análise de:<br>• Discriminación por diferenzas nos dispositivos do alumnado<br>• Responsabilidade no caso de incidencia cos dispositivos<br>• RRI-NOF: Consecuencias do uso inapropiado<br>• Tempos de lecer<br>• Redes sociais<br>• Acceso a internet</td><td rowspan="3">Equipo TIC</td><td rowspan="3">31/03/2023</td><td rowspan="3"></td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">AO3.3: Elaboración de proposta.</td><td rowspan="3">Coordinadores TIC</td><td rowspan="3">28/06/2023</td><td rowspan="3"></td><td rowspan="3"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
<tr><td>Pendente</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="2"></td><td rowspan="2"></td><td rowspan="2"></td><td rowspan="2"></td><td rowspan="2"></td><td>Realizada</td><td></td></tr>
<tr><td>Aprazada</td><td></td></tr>
</table>

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| AO3.4: Adaptación e difusión do NOF-RRI á proposta | Dirección Pedagóxica | 15/09/2023 | | | **Pendente** | |

| “Área/s de mellora”: | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBXECTIVO: | Analizar a integración do uso de dispositivos persoais dixitais e redes sociais por parte do profesorado | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | EQUIPO TIC | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Resultados da análise (informe) | | | | | |
| Valor de partida | Os criterios recollidos no actual NOF-RRI | | | | | |
| Valor previsto e data | Informe con conclusións e proposta definida | | | 28/06/2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| AO3.1: Designar un equipo de traballo que elabore un plan de integración a corto-medio-longo prazo | Dirección Pedagóxica | 18/11/2022 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO3.2: Traballar co equipo docente da ESO na análise de:<br>• Tipo de dispositivo<br>• Ámbitos de uso:<br>● Educativo en aula<br>● Comunicación interna<br>• Redes sociais. | Dirección Pedagóxica + Equipo TIC | 31/03/2023 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |
| AO3.3: Elaboración de proposta. | Dirección Pedagóxica + Equipo TIC | 28/06/2023 | | | Realizada<br>Aprazada<br>Pendente | |

## 4. Avaliación do plan

O Plan será revisado ao remate de cada trimestre polo equipo de dinamización das TICs do centro de cara a ir axustando os obxectivos ao longo do curso.

Ao remate de cada curso, coincidindo coa Memoria Educativa, farase avaliación do logro dos obxectivos coas propostas de mellora de cara a incorporalas na PXA do seguinte curso.

## 5. Difusión do plan

O plan coas sucesivas modificacións se levarán a aprobación no Consello Escolar do centro. Unha vez aprobadas polo mesmo, serán difundidas ao conxunto da Comunidade Educativa a través da plataforma de xestión interna Clickedu.